



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
DO 25.03.2025**

LUGAR: Sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero – Campus de Vigo

DATA: 25.03.2025

HORA DE COMEZO: 12:05 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Cendón Alonso, María Teresa
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
González Pérez, José Ignacio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Blanco Gómez, César
Castro Mouzo, Mercedes
Larriba Leira, María Elvira
Lima González, Estela
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Rodríguez, María Sol

NON ASISTIRON:

Crespo Tobío, Silvia

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio

O martes, 25 de marzo de 2025, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2024).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe sobre a nova Canle interna de información e denuncia da Universidade de Vigo, ao abeiro da LOSU, Plan de medidas antifraude. Papel do Consello Social.

Propostas informadas favorablemente e acordos da Comisión de Actividades e Servizos do 20.02.2025

5. Aprobación, se procede, da distribución de axudas a Prácticums, convocadas polo Consello Social para 2025.
6. Proposta de renovación do servizo externo para o mantemento informático e actualización continua dos contidos escritos e gráficos da web do Consello Social.
7. Outros acordos: Axudas e patrocinios.

Propostas con informe favorable, acordos e supervisión da Comisión Económica do 06.03.2025

8. Liquidación provisional do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2024. Carta de avance de auditoría.
9. Seguimento das recomendacións do Consello de Contas á UVigo e proposta para FEUGA.
10. Novo ámbito para elaborar un informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na UVigo.
11. Informe de aproveitamento das últimas auditorías operativas: Xestión dos activos patrimoniais da UVigo, e Intervención dos gastos máis representativos da UVigo: capítulo I.
12. Outros asuntos: Modificación da RPT. Oferta de emprego público do PDI e do PAS correspondente a 2024.
13. Aprobación, se procede, dos prezos para os complexos residenciais da UVigo para o curso 2025/2026.
14. Aprobación, se procede, da doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao centro de investigación CINBIO da UVigo.
15. Informes de control e seguimento de competencias: Comunicación ao Consello Social das doazóns menores e correntes. Comunicación ao Consello Social da cesión gratuíta de espazos da UVigo. Convenios.
16. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Pontevedra, para desenvolver actividades no Campus no ano 2025.
17. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico solicitado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para desenvolver a "I Olimpíada de Enerxía".
18. Rogos e preguntas.

O presidente da inicio á sesión agradecendo a presenza dos asistentes e anunciando a intención de celebrar o próximo pleno fóra dos campus. Así mesmo agradece expresamente á secretaria xeral da UVigo, María José Bravo Bosch, as explicacións que aportará respecto do punto 4 da orde do día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia Ernesto Pedrosa expresando a convicción de que a adaptación da LOSU a un novo marco normativo autonómico será unha boa oportunidade para fortalecer a participación dos Consellos Sociais na vida universitaria. Neste senso destaca a importancia do artigo 47.2.l da LOSU ao encomendar ao Consello Social “Velar polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica, así como das directrices antifraude, que deben guiar a función docente e a investigación, en colaboración cos organismos e plans dos que, para estes efectos, dispoña cada universidade”.

Engade que o desenvolvemento lexislativo da LOSU deberá determinar o alcance do termo “*velar*”, o que considera moi importante porque “se se dese algún incumprimento podería eventualmente derivarse algún tipo de responsabilidade do Consello Social, dependendo do significado que se lle dea á devandita expresión”, e entendendo que “*velar*” deberá entenderse como “control e supervisión efectiva do *compliance* universitario”.

Neste senso, o presidente subliña a importancia de que o regulamento -recentemente aprobado en Consello de Goberno- que regula a canle interna de información da UVigo, recolla no artigo 16 que o reitor ou quen designe deberá presentar anualmente ante o Consello Social un informe pormenorizado da actividade que se desenvolva na canle interna. Agradece o compromiso do equipo de goberno e manifesta a conveniencia de que se introduza unha obriga semellante nas Normas de Convivencia, porque deste xeito “quedaría recollido na normativa propia da universidade a obriga de reportar ao Consello Social todas as actuacións referidas aos artigos 39.4 e 47.2.l, e así cumpriríamos o mandado da LOSU de “*velar*” que se cumpran os principios éticos e de integridade académica”.

Salienta o temario económico que se tratará na sesión, “cónstame que con puntos moi madurados e debatidos na comisión que preside Juan Manuel Vieites”, ao que agradece o traballo intenso que -xunto á xerente e resto de membros- están a facer, “que á vista das alertas económicas que están a lanzar cada vez máis universidades, dános moita tranquilidade”.

Informa que Juan José Santamaría presentou un escrito ante a Comisión de Transparencia da Valedora do Pobo pedindo determinada documentación, abrindo un escenario no que se seguirá o curso que corresponda e que máis favoreza aos intereses do Consello Social. “Como é de esperar -afirma- atenderemos cantas indicacións sexan pertinentes, ao tempo que seguiremos a traballar preservando o rigor, a confianza e o afán por servir á universidade, lonxe dos receos e reproches dos que non logro entender que beneficios pretenden”.

Sobre outros asuntos dá conta do abandono da Conferencia de Consellos Sociais (CCS) por parte dos consellos sociais das universidades públicas de Madrid e de Navarra, na confianza de que se restaure o entendemento á maior brevidade.

Refire a documentación que se entrega neste punto, como son as gráficas sobre as axudas concedidas en 2024, desagregando o recibido polas vicerreitorías, o número de reunións e acordos adoptados nese período, e as asistencias. Tamén cita distintos informes entregados a petición de Juan José Santamaría, entre outros, un resumo dos custes que xera a limpeza na UVigo e un listado dos principais debedores da universidade.

Finalmente comunica que ante a crecente preocupación pola falta de aloxamentos para o estudantado da UVigo, (e con vistas a posibilitar unha oferta atractiva para captar matrículas de fóra de Galicia e a nivel internacional) o Consello Social vén de encargar un estudo robusto e útil para dimensionar o problema, medir as carencias e avanzar en solución reais a medio prazo. Unha vez rematado, darase conta das conclusións ao Pleno.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa explica que os conselleiros implicados e os tres reitores firmarán en breve o protocolo para a ordenación das facultades de Enfermaría do SUG. Fala da sesión de traballo mantidas coa representación dos colexios e coas direccións actuais, da implantación dunha facultade única en cada unha das universidades galegas, das boas perspectivas investigadoras, e da remuda do decano comisario co nomeamento de Iris Machado de Oliveira en substitución do profesor Rafael Durán a petición propia. A nova decana comisaria pertence ao ámbito das Ciencias da Saúde.

Responde de seguido a unha consulta de Juan José Santamaría sobre a situación das obras da ECIMAT (Estación de Ciencias Mariñas de Toralla) que, a seu xuízo, merecerían unha visita do Consello Social. Cualifica os mesocosmos da ECIMAT como unha estrutura singular deseñada para experimentos ecolóxicos en condicións controladas pero representativas do medio natural, co obxectivo de reproducir as condicións oceanográficas do medio mariño, para estudos experimentais focalizados nos efectos do cambio climático e na sostibilidade. Máis aló da disposición e características construtivas, do equipamento e das aplicacións científicas, o reitor resume que a obra está rematada.

Sobre os Estatutos da UVigo aclara que está practicamente pechada a redacción, cita as principais alusións ao Consello Social e ás súas competencias máis salientables como a compartida coa UVigo no caso do Plan trienal. Continúa a súa tramitación.

Respecto do Grao de Dereito que pretende implantar a UIE, o reitor dá lectura e fai entrega dun primeiro borrador de posicionamento das universidades públicas, que se remitirá como proposta aos membros do Consello Social para valoración e posibles aportacións. O documento recolle unha reflexión de contexto e remata pedindo o estrito cumprimento da legalidade e que se adíe a toma en consideración da implantación de calquera grao que duplique os xa impartidos no sistema público ata que se desenvolva a normativa oportuna. Presidente e reitor conveñen en que este asunto será debatido nunha próxima reunión plenaria.

Finalmente informa sobre a inmediata finalización do procedemento para crear un Gabinete Psicopedagóxico propio que dea servizo nos tres campus; as licitacións previstas, entre elas a do edificio de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo; e a extensión das Aulas de Teatro e da MITEU aos tres campus.

PUNTO 4

Informe sobre a nova Canle interna de información e denuncia da Universidade de Vigo, ao abeiro da LOSU, Plan de medidas antifraude. Papel do Consello Social.

María José Bravo define o regulamento como “integrador e de acceso sinxelo”, e aborda os contidos máis salientables: entre outros, finalidade, ámbito de aplicación, confidencialidade, protección das persoas informantes, dereitos e obrigas das partes, resolución e medidas correctivas. Revela a secretaria xeral que se recibiron xa moitas consultas sobre a confidencialidade, aspecto sobre o que incide Demetrio Gómez de forma expresa ante o risco das denuncias anónimas e a protección de dereitos. María José Bravo manifesta que non se trata dunha caixa de reclamacións, e que se cumpre coa legalidade, dando conta das cautelas ao respecto dos reparos expresados.

- **O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da distribución de axudas a Prácticums, convocadas polo Consello Social para 2025.

A través do resumo elaborado pola secretaría coas conclusións e os acordos da comisión, os presentes toman coñecemento dos indicadores máis significativos da convocatoria e dos importes asignados a cada un dos 12 centros solicitantes. A proposta do presidente:

- **Apróbase por asentimento.**

PUNTO 6

Proposta de renovación do servizo externo para o mantemento informático e actualización continua dos contidos escritos e gráficos da web do Consello Social.

Notifica o presidente os beneficios que reporta o servizo e a importancia de manter activa e actualizada permanentemente a web do Consello Social.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**

PUNTO 7

Outros acordos: Axudas e patrocinios.

Vista a documentación na que se resumen todos e cada un dos acordos adoptados pola comisión,

- **O Pleno dáse por informado.**

Ernesto Pedrosa dá paso ao presidente da Comisión Económica para que expoña as propostas de aprobación acordadas na comisión que preside, e dea conta dos asuntos tratados e dos informes analizados.

Principia Juan Manuel Vieites explicando que se remitiu abundante documentación, entre ela varias informacións sobre as dificultades económicas que atravesan algunhas universidades españolas, para sinalar que “as universidades estano pasando mal...e a comisión que preside estará moi atenta a este escenario”.

Subliña tamén a importancia de que se cumpra de xeito efectivo e regado o disposto no artigo 47.2.l da LOSU, e que a UVigo informe ao Consello Social da actividade da nova canle interna de información e denuncias. “Esta competencia de velar polos principios éticos e de integridade académica -afirma- require que dende a Comisión



Económica esteamos atentos ao seu desenvolvemento, para que axude a garantir a transparencia, a ética e o cumprimento normativo que se nos pide”.

Respecto da orde do día, apunta que moitos dos puntos tratados na comisión reflicten o compromiso coa supervisión das normas internas da universidade nas que ten competencias o Consello Social, e o interese por manter o espírito de colaboración e boas prácticas, solicitando á Xerencia información sobre asuntos non resoltos para coñecer as medidas que se están aplicando para darlles solución, “máxime tendo en conta que en pouco máis dun ano haberá eleccións e o obxectivo é que non queden pendentes”. Agradece á xerente a documentación remitida e a receptividade ás solicitudes do Consello Social.

PUNTO 8

Liquidación provisional do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2024. Carta de avance de auditoría.

Explica Juan Manuel Vieites que a maiores da documentación do auditor, solicitouse á Xerencia na liquidación provisional do orzamento o axuste dos créditos financiados con remanente de tesouraría, e no cálculo do remanente pediuse a desagregación entre o remanente de tesouraría afectado e o de libre disposición, para coñecer a evolución.

Conclúe que á vista dos datos, e oídas as pormenorizadas explicacións da xerente, na liquidación provisional do exercicio 2024 albíscase un resultado positivo que amosa a boa execución ao igual que o remanente, sobre todo o afectado, que baixa. “Estes datos positivos garanten a estabilidade orzamentaria da universidade polo que o Consello Social non ten que solicitar ningunha medida de axuste”.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**

PUNTO 9

Seguimento das recomendacións do Consello de Contas á UVigo e proposta para FEUGA

Sinala o presidente da comisión que no informe da Xerencia (que recibiron os membros) pódese observar que foron atendidas e resoltas xa moitas das recomendación, se ben non se aporta un plan de acción e un cronograma para emendar as que están pendentes. Informa Juan Manuel Vieites que se reclamaron ambos documentos, e que a comisión seguirá pendente da evolución de cada unha das recomendacións que faltan por despejar.

No tocante a FEUGA, lembra Vieites que é un dos temas recorrentes nas recomendacións dos auditores, ano tras ano. Aclara que dende a Comisión Económica vense pedindo á Xerencia que poña fin a este modelo e se extreme o control, precisando que esta fórmula de xestión cumpriu xa nove anos e se mantén na actualidade con un importe inferior ao millón de euros. Engade que parece xa suficiente o período transcorrido para que os investigadores acabasen os fondos xestionados por FEUGA, polo que a comisión acordou pedir á Xerencia que informe aos investigadores que deben liquidar coas regras de gasto de FEUGA os importes que consideren, antes do 31/12/2025, e que tras este prazo, a UVigo solicite o ingreso dos remanentes nas súas contas, asignando nos AEIs (Programas de Accións Estratéxicas para grupos de Investigación AEI-UVigo) as cantidades daqueles investigadores que aínda dispoñan de importes pendentes de gastar, o que lles proporcionará 3 anos máis para a súa execución, xa ao amparo do Regulamento das AEIs.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**

PUNTO 10

Novo ámbito para elaborar un informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na UVigo.

Despois de deliberar e valorar varias opcións e propostas, tendo en conta novas competencias que lle recoñece a LOSU aos consellos sociais, como é a aprobación do Plan plurianual de financiación da universidade e realizar o seguimento, a comisión considerou conveniente abordar esta cuestión en 2026, á espera dun maior desenvolvemento normativo, e decidiu:

- Encargar para este ano unha auditoría sobre “Procedementos de xestión económica da UVigo, con especial referencia aos Fondos MRR recibidos”.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**



PUNTO 11

Informe de aproveitamento das últimas auditorías operativas: Xestión dos activos patrimoniais da UVigo, e Intervención dos gastos máis representativos da UVigo: capítulo I.

Informa o presidente que se recibiron explicacións da Xerencia sobre o aproveitamento das dúas auditoría operativas máis recentes feitas por encargo do Consello Social. Sinala que en ámbolos dous casos estase traballando, sobre o control patrimonial e o inventario (empezando por ordenar o rexistro), e sobre os procesos de mellora para un traballo máis eficiente, sen deixar de contemplar o control horario. “Seguiremos pedindo a actualización e implantación de novas medidas e resultados”.

- **O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 12

Outros asuntos: Modificación da RPT. Oferta de emprego público do PDI e do PAS correspondente a 2024.

Juan Manuel Vieites, no tocante a modificación da RPT, resume que se está a crear un novo Servizo de Recursos Humanos de Investigación, se regulariza a Oficina de Proxectos Internacionais e se cambia de localización un posto de traballo no Campus de Ourense. Explica que a modificación foi informada favorablemente pola Consellaría de Facenda e que o custe ascende a 306.811,02 euros.

Respecto da OPE, á vista da documentación remitida, e tendo en conta o papel que asigna a LOSU aos consellos sociais nestes temas, a comisión fixo especial incidencia na dotación orzamentaria e na dispoñibilidade dunha reserva de crédito efectiva.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**

PUNTO 13

Aprobación, se procede, dos prezos para os complexos residenciais da UVigo para o curso 2025/2026.

Elévase ao Pleno informe favorable da comisión, que acorda aprobar os prezos que se aplicarán no vindeiro curso.

- **O Pleno ratifica o acordo.**

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao centro de investigación CINBIO da UVigo.

Expón resumidamente o presidente que a comisión aprobou a doazón, consistente nun equipo para almacenar e distribuír nitróxeno líquido, en perfecto funcionamento, valorado en 1.000 €.

- **O Pleno ratifica o acordo.**

PUNTO 15

Informes de control e seguimento de competencias: Comunicación ao Consello Social das doazóns menores e correntes. Comunicación ao Consello Social da cesión gratuíta de espazos da UVigo. Convenios.

Este punto recolle o seguimento de actividades sobre as que ten competencias o Consello Social en distintas áreas da UVigo, e sobre as que se executa un control anual, mediante informes remitidos pola Xerencia, nos que se observa que se están a desenvolver con normalidade e conforme as normativas.

- **O Pleno dáse por informado.**

Rematada a exposición de Juan Manuel Vieites, que o presidente do Consello Social agradece, intervén a xerente, Yolanda Lesmes, para agradecer o talante, o traballo e a dispoñibilidade da Comisión Económica. Comprométese a seguir remitindo toda a información que sexa precisa “xa que o beneficio para a UVigo e para o Consello Social é recíproco”.



PUNTO 16

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Pontevedra, para desenvolver actividades no campus no ano 2025.

Vista a descrición do proxecto, as accións previstas e os centros que participan, fundamentalmente con iniciativas de promoción de emprego do estudantado, e oídos os criterios expostos polo presidente,

- ***Apróbase unha aportación de 8.800 €.***

PUNTO 17

Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico solicitado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para desenvolver a “I Olimpíada de Enerxía”.

O presidente avala o encaixe da proposta cos obxectivos do Consello Social de achegar as disciplinas STEM relacionadas co sector enerxético a alumnado preuniversitario, cunha participación de 17 centros de ESO, Bacharelato e ciclos superiores de FP de toda Galicia. Visto o custe da actividade e tendo en conta os antecedentes das axudas concedidas á escola,

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 18

Rogos e preguntas.

Pregunta Elena Añel sobre o cambio previsto nas condicións do profesorado asociado, e interesa saber se é algo puntual ou vai a xeneralizarse. Resposta o Reitor que o que está acollido ao contrato LOSU cristaliza e ten dereito a impartir o que xa está dando. No caso dos asociados ao amparo da LOU teñen menos seguridade, e moita da docencia da que se encargan estase dirixindo a prazas asociadas de doutor. Engade Manuel Reigosa que hai unha reformulación importante e que “estamos ante esa mudanza” porque hai diferencias entre o que di a LOU e o que di a LOSU.

Elena Añel pide así mesmo ao Reitor que informe ao Pleno sobre a situación actual das negociacións dun novo convenio colectivo de persoal laboral (PDI). Manuel Reigosa confirma a intención da UVigo de denunciar o segundo convenio e constituír unha mesa de negociación propia para o persoal da universidade.

Juan José Santamaría formula unha serie de observación a diferentes puntos da orde do día, que se recollen literalmente anexadas a esta acta. Tamén da autoría de Juan José Santamaría anéxase escrito con suxestións sobre a Canle Interna de información da UVigo, informado pola secretaria xeral da UVigo no punto 4 da Orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 25 de marzo de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)